

## Decálogo 2021

Estas son as  
nosas regras.

**1 ●** Somos unha asociación de creativ@s e de axencias, cuxo principal obxectivo é mellorar e unir o talento creativo de Galicia. **2 ●** O noso traballo é a creatividade: abrir novos camiños non transitados, innovar, sorprender, atraer e convencer. **3 ●** A creatividade é o ingrediente básico para a comunicación. Dela depende a súa frescura, o seu atractivo e, por suposto, a súa eficacia. **4 ●** Procuramos darlle pulo ao enxeño da actual xeración e formar as xeracións futuras. Traballar en creatividade é ensinar e aprender. **5 ●** Anosa misión é elevar os estándares de calidade da actual creatividade galega en tres direccións: cara aos creativos, cara aos anunciantes e cara aos estudantes. **6 ●** Buscamos transmitir a clientes e anunciantes a mesma descarga de dopamina que un creativo obtén ao atopar un bo concepto. Non hai campañas de éxito sen clientes de mente aberta e creativos sen limitacións. **7 ●** Vale moito máis unha boa idea do que unha mala. E precisan tempo para brillaren. Temos que seguir sendo socios estratégicos dos anunciantes. Non somos un gasto, somos un investimento. **8 ●** Debemos potenciar as ideas por riba de todo. Tanto ten o formato ou o tamaño. O espazo e o tempo cambiaron; o valor das ideas, non. **9 ●** Somos profesionais da publicidade e diso vivimos. Calquera mecánica de concurso debe ser transparente e calquera achega de ideas ou tempo debe ser remunerada. **10 ●** Querémonos converter na voz das axencias e os profesionais da publicidade galega, abandear as súas reivindicacións e saír en defensa de intereses mutuos fronte a asociacións e a institucións públicas ou privadas.